

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN,
FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E A FUNDACIÓN GALICIA SUSTENTABLE PARA A
ELABORACIÓN DUN CENSO DE ENTIDADES E RECURSOS CULTURAI S DE GALICIA**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades,

DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral Técnica formalizou coa Fundación Galicia Sustentable o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde o día seguinte da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o establecemento das condicións para a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Fundación Galicia Sustentable para a elaboración dun censo de entidades e recursos culturais dos concellos de Galicia (exceptuando as sete grandes cidades) que aporte información necesaria de cara a elaboración dunha Rede de Centros Culturais e un Plan de Acción.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido. Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntanse de acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións ó non ser posible promover a concorrência pública para a realización destas actuacións, dado que a Fundación Galicia Sustentable é a entidade que posúe unha base de datos de entidades de carácter cultural que será a base inicial para a abordaxe do obxecto do presente convenio, o cal permite unha redución de costes e de tempo de execución.

A Fundación ten como finalidade xeral o aproveitamento do potencial de Galicia e as súas xentes cara a sustentabilidade desenvolvendo os potenciais dos individuos e colectivos a través das súas accións, actividades e proxectos.



Por todo o anterior é a Fundación Galicia Sustentable a que posúe a especificidade como beneficiaria así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida. Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional. En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela na data da sinatura electrónica.

